

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 13 de xullo de 2012

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9,10 horas do día trece de xullo de dous mil doce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(797).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 2 de xullo de 2012. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(798).- DAR CONTRA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, AUTORIZANDO A D. ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS, Á ASISTENCIA A UN CURSO EN SANTIAGO DE COMPOSTELA. EXPTE. 6055/113.

Dáse conta da Resolución do concelleiro delegado do departamento de Administración Electrónica, a proposta do xefe do servizo de Administración Electrónica, que di:

ANTECEDENTES.-

A infraestrutura que soporta o sistema de Tecnoloxías de Información de esta institución ten como un dos principais compoñentes os servizos corporativos de Xestores de Bases de datos (XBD). Estes XBD, son cada vez mais especializados e requiren de un axeitado e profundo coñecemento para conseguir un rendemento óptimo, que permita os usuarios finais (todos aqueles que utilizan aplicacións que se nutren de datos corporativos) un uso áxil dos programas, facilitando o produtividade da súa laboura. A instalación de novas aplicacións, como poden ser: sistema de correo electrónico Blackberry, o sistema de xestión de control de presenza, etc., obríganos a escomenzar a traballar con XBD SQL Server, e sendo o manexo dos datos de este xestor un elemento crítico no rendemento das aplicacións considerase moi importante a adquirir un coñecemento especializado da mesma.

O día 27 de Marzo de 2012 levouse a cabo unha proba de selección de acceso a un curso que terá lugar dende o **día 09/04/2012 ate ó 08/05/2012** no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), **sito en Santiago de Compostela, en horario de 16:30 a 21:00** horas consistente na instalación e administración e de SQL Server 2008. Unha vez superada dita proba considerase oportuno que o Técnico de Sistemas, Antonio Villanueva Guimeráns con número de persoal 78152 asista a dito curso de SQL Server 2008.

O Estatuto Básico do Empregado Público; aprobado pola Lei 7/2007, de 12 de abril; establece entre os dereitos individuais dos empregados públicos o de formación continua e actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral; mentres que entre os principios de conduta, aplicables igualmente ao persoal ao servizo das Administracións Públicas, o mantemento actualizado da súa formación e cualificación.

Polo tanto a normativa básica estatal exposta establece a formación do persoal ao servizo das Administracións Públicas non só como un dereito senón como un principio de conduta aplicable aos mesmos.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.-

SEGUNDO.- D^a Antonio Villanueva Guimeráns desempeña o posto de traballo de Técnico de Sistemas no departamento de Administración Electrónica, encadrado no Grupo A, subgrupo de clasificación A1, polo que de acordo coa clasificación de persoal establecida no anexo I do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de Indemnizacións por razón do servizo e a Base 36 de execución do orzamento xeral do ano 2011, queda incluído no grupo 2 aos efectos de percepción das indemnizacións devengadas no cumprimento da Comisión de Servizo.

De acordo coa devandita clasificación, as contías actualizadas das distintas clases de indemnizacións e o calendario do curso establecido na Resolución pola que se convoca o curso, estímase que as contías devengadas para a realización do curso serán as seguintes.

| Concepto | Importe |
|--|-----------------|
| 200 Km/día (0.19 €/Km) 18 Dias(Vigo-Santiago-Vigo) | 684,00 € |
| Autopista 15,7 € /día 18 Dias (Vigo-Santiago-Vigo) | 282,60 € |
| Total | 966,60 € |

TERCEIRO.- Nas aplicacións orzamentarias 9227 2312000 (locomoción do persoal non directivo) existe crédito adecuado e suficiente para sufragar o gasto calculado no fundamento

anterior. O gasto da desprazamento (**966,60€**) imputarase á aplicación orzamentaria correspondente: 9227 2312000

CUARTO.- O curso o desonrrrolarse en horario de tarde non consume crédito horario con cargo á formación.

Polo anteriormente exposto o funcionario que subscribe ven en propoñer ó Concelleiro Delegadaoda Área de Administración Electrónica que se eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de Acordo.

[o/a Xefe/a do servizo Administración Electrónica...]

Ricardo Rodriguez Friero

RESOLVO

1.- Resolvo autorizar a D^a Antonio Villanueva Guimeráns, funcionario de carreira do Concello de Vigo, co posto de traballo de Técnico de Sistemas adscrito ó departamento de Administración Electrónica, a participar no curso de instalación e administración e de SQL Server 2008 dende o día 09/04/2012 ate ó 08/05/2012 no Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG), sito en Santiago de Compostela, en horario de 16:30 a 21:00 así como a asistencia a xornada de selección realizada o día 27 de Marzo de 2012.

2.- Os desprazamentos realizaranse utilizando ó vehículo particular .

2.- A Comisión de Servizo autorizada non consumirá crédito horario con cargo á formación,

5.- Autorizar o gasto de **966,60€** en concepto de gastos de viaxe. Os importes anteriores libranse, como fondos a xustificar.

3(799).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO, PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DOS CENTROS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN A PERSOAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 77237/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Benestar Social, de data 21.06.2012, conformado pola concelleira delegada da área de Benestar Social e pola de Facenda,, e co informe xurídico do secretario de Administración Municipal, do 3.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 4.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración coa entidade Fundación provincial banco de alimentos de Vigo, CIF G36899375, colaboradora co Departamento de Política de Benestar, para a atención das necesidades básicas dos centros específicos de atención a persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e outras axudas, polo que se articulan os dereitos e obrigas da subvención.

2º.- Aprobar o gasto total de 43.000 euros a favor da Fundación provincial banco de alimentos de Vigo, CIF G36899375, con cargo á partida 2310.4980013 –Convenio Banco de Alimentos-.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, DEPARTAMENTO DE BENESTAR SOCIAL E A FUNDACION PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO

Vigo, de de 2012

REUNIDOS

Dunha parte Isaura Abelairas Rodríguez, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de data atribucións de data 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte D. Pedro Pereira Carballo, DNI 33105786T, como presidente da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, NIF G36899375, e enderezo a efectos de notificación na rúa Pino, nº 38 baixo, de Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I- Que a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo ten como obxectivo a obtención , almacenamento, clasificación e distribución de alimentos a centros asistenciais que teñan como fin axudar aos necesitados para o seu total desenvolvemento. A Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo dedícase á atención das necesidades básicas dos centros asistenciais para persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos para atender necesidades primarias. Ademais, a Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo constitúe un recurso social, dentro do sistema público de servizos sociais da cidade por ser unha das entidades sen ánimo de lucro, que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo un recurso moi utilizado polos Servizos Sociais.

II- O concello de Vigo e coñecedor da existencia de varios centros asistenciais e entidades adicados a atender os colectivos de persoas e situacións de emerxencia social, que teñen a necesidade de acudir a estes recursos para poder subsistir en unhas condicións mínimamente dignas. Ademais o Concello necesita este recurso como complemento do seus programas de emerxencia social. Este recurso e un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu artigo 25, a posibilidade de que tódolos concellos exerzan a "prestación de Servizos Sociais", sendo competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa

social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública. Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

A subvención que se propón está prevista no orzamento de Política de Benestar polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2003. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

III- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos.

IV- Que a entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e/ou certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.-

A entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo en canto a atención dos centros asistenciais de persoas en risco de exclusión ou situación de emerxencia social.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo unha subvención para o exercicio 2012 por importe de 43.000 euros co obxecto de levar a cabo a atención das necesidades básicas dos centros asistenciais de persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos.

Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 43.000€ con cargo ao programa de gastos 2133 partida 4890013, do vixente exercicio presupuestario.

Os pagamentos efectuaranse do seguinte xeito:

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas da Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo e dous técnicos deste Concello.

Oitava.-

A Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

Novena.-

Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello

Décima.-

A Fundación Provincial Banco de Alimentos comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2013, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.

A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 - Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.
 - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.

Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.

Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos a retención, que foi practicada amesma, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación.

Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite, mediante declaración xurada, que a entidade está exenta de IVE ou non presenta declaración por este imposto

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo primeiro.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2012.

Décimo terceiro.-

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O/a responsable técnico/a do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.

Décimo oitavo.-

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.

4(800).- ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE “ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO”. EXPTE. 77372/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Benestar Social, de data 27.06.2012, conformado pola concelleira delegada da área de Benestar Social e pola de Facenda, e co informe xurídico do secretario de Administración Municipal, do 3.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 4.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobar o texto da addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade “Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado” (AFAN), Cif. G36660348.

2.- Aprobar o gasto de 35.000 € con cargo a partida 2310.4890003 -convenio Afando orzamento 2012.

**ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO, E A
“ASOCIACIÓN FREIJEIRO DE AYUDA AL NECESITADO” (AFAN)**

Vigo, de 2012

REUNIDOS

Dunha parte Isaura Abelairas Rodríguez, en calidade de Concelleira Delegada da Área de Política de Benestar do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2011, segundo o dispón a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, Dona Hortensia González Fernández, DNI 35914549A, como presidenta da Asociación Freijeiro de Ayuda al Necesitado (AFAN), NIF G36.660.348, e enderezo a efectos de notificación na rúa Pastora nº 44 de Vigo, en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que ao amparo do acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de febreiro de 2011 subscribían ambas partes un convenio de colaboración para atención das necesidades básicas das persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupas, e pequenas axudas económicas para atender necesidades primarias tales como, pago dos recibos de luz, auga e alugamento, etc.

II.- Que derivado do incremento do importe do convenio no orzamento de 2012, que ascende a un total anual de 55.000 euros, procede a tramitación dunha addenda por importe da diferenza e sen que esto supoña variación nos contidos fundamentais recollidos no convenio.

ACORDAN

Primeiro.- Ampliar os obxectos do pacto primeiro relacionados no convenio de colaboración para o financiamento da atención e coidado de persoas carentes de recursos e en situación de exclusión social severa, incluíndo na atención, a entrega dun máximo de 50 bocadillos de luns a sábado durante todo o ano en horario de tarde.

A concellería de Política de Benestar enviará unha relación dun máximo de 50 persoas, ás que se entregará o bocadillo, previa identificación das mesmas.

Segundo.- A vixencia do convenio ampliado mantense ata o 31 de decembro de 2012. Para a execución do convenio o Concello aportará un total 55.000,00 € con cargo a partida 2310.4890003 -convenio Afan-

Terceiro.- Para a xustificación desta parte do convenio poderán achegarse tódolos gastos que de xeito indubidativo respondan a actividade subvencionada.

En proba de conformidade, as partes comparecentes asinan o presente documento no lugar e data antes citado.

5(801).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO DA ORGANIZACIÓN DE VIAXES BLOGGER TRIPS. EXPTE. 4267/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, de data 6.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de organización de viaxes “Blogger trips e Breakfast 2.0” (expediente 4267-104) no seguinte orde decrecente:

1. INFORPRESS, S.L., que obtén a puntuación de 85.1 puntos.
2. QUADRALIA, S.L., que obtén a puntuación de 61.55 puntos.
3. ECOVIGO, S.L., que obtén a puntuación de 52.11 puntos.

Segundo.- Requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, INFORPRESS , S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas”.

6(802).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO INTERVENCIÓN FAMILIAR. EXPTE. 59058/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, de data 2.07.2012, e co informe da técnica de Fiscalización e Control Financeiro, de 5.07.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Adxudicar a CLECE, S.A. o procedemento aberto para a contratación do servizo de intervención familiar, EXPTE. 59058-301, por un prezo total de 1.931.339,72.- euros (IVE incluído), coa aportación das seguintes melloras de mobiliario e equipamento:

– Un proyector multimedia que cumpra, como mínimo, coas seguintes características:

Resolución XGA nativa

2200 lúmenes mínimos

Relación de contraste 2000:1 con modo iris automático activado

Obxectivo con zoom 1,2 x

Altavoz incorporado

Terminal DVI e porto de rede RJ-45

– Unha pantalla de proxección motorizada de 92"; de tea mate branca e funcionamento mediante mando a distancia.

– 30 cadeiras convertibles en pupitres de estrutura metálica pulida. Asentos de polipropileno en medidas aproximadas de 620 mm ancho x 620 mm fondo x 86 m de alto.”

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

7(803).- ENAXENACIÓN DE CHATARRA PROCEDENTE DO TALLER DE ELECTROMECÁNICOS. EXPTE. 4103/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da secretaria da Mesa de Contratación, de data 2.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Allear á mercantil CAMPUS CORUÑA, S.L., con CIF B 1553931 S, por un prezo de 8.600 €, o lote de chatarra depositada nas instalacións do servizo de Enerxía consistente en:

- Aluminio (brazos etc), cun peso aprox. de 1.000 kgs.
- Cobre co seu aillamento (mangueira, condutor, etc), cun peso total estimado de 500 kgs. A pesaxe efectuarase co cable no seu estado actual, polo que a retirada do illamento e outros procesos serán a cargo do adxudicatario.
- Ferro (báculos columnas etc), cun peso estimado de 17.000 kgs.
- Fundición (columnas, brazos e soportes), cun peso estimado de 3.000 kgs.
- Luminarias cun peso estimado de 3.000 kgs.
- Reactancias e distinto aparelaxe cun peso estimado de 2.500 kgs”.

8(804).- PRORROGA DO CONTRATO ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA TRADICIONAL E FOLK. EXPTE. 9317/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, de data 22.06.2012, co conforme da concelleira delegada de Contratación, e co fiscalizado de conformidade do Interventor Xeral, do 5.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Autorizar a prórroga por un ano do contrato de servizo de de implantación inicial, xestión e desenvolvemento do proxecto de Escola Municipal de Música Tradicional e Folk (expte 9317-332) para o período comprendido entre o 01-10-2012 e o 30-09-2013.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda no seu caso, será de 223.558,72 €, que se imputará a aplicación presupostaria 32102279918”.

9(805).- PRÓRROGA DO CONTRATO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 9958/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, de data 21.06.2012, co conforme da concelleira delegada de Contratación, e co fiscalizado de conformidade da xefa de servizo de Fiscalización, do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º.- Autorizar a prórroga por un ano do contrato de servizo de xestión da escola municipal de Teatro para o período comprendido entre o 9-11-2012 e o 8-11-2013.

2º.- O importe da prórroga, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda no seu caso, será de 88.832,53 €, que se imputará a aplicación presupostaria 32102279903”.

10(806).- RESOLUCIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA A D. JOSE L. DARRIBA FERNÁNDEZ PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL MEDIANTE A INSTALACIÓN DUN QUIOSCO NA AV. GRAN VIA DESTA CIDADE. EXPTE. 19218/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do servizo de Patrimonio, de data 21.06.2012, co conforme da xefa de área de Réxime Interior e da concelleira delegada de Contratación, que di:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- LRBRL (Lei 7/1985, de de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local).
- LPAAPP (Lei 33/2003, de 3 novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas).
- TRLCSP (R.D. Legislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto refundido da LCSP).
- LRXAP e PAC (Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).
- Prego de condicións administrativas aprobadas polo acordo plenario de 29 de abril de 1982 polo que se rexe a concesión administrativa de uso do dominio público municipal para a instalación de quioscos destinados a venda de prensa periódica con exclusión doutra actividade negocial.

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local, por acordo adoptado o 8 de xullo do 2011 resolveu: *PRIMEIRO.- Incoar expediente administrativo de declaración de extinción da concesión administrativa outorgada o 7 de marzo de 1983, a D. José L. Darriba Fernández para a ocupación do dominio público municipal mediante a instalación dun quiosco na Avda. de Gran Vía desta cidade de Vigo, ao cesar na súa actividade e atoparse rexentado por terceiro non autorizado, consoante o disposto na Base VIII e XV.9 do Prego de condicións administrativas pola que se rexe dita concesión administrativa. SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á D. Jose L. Darriba Fernandez, outorgándolle un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte a súa notificación, para que teña vista do expediente e poida formular as alegacións e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveniente.*

SEGUNDO.- Acordo que lle foi notificado ao interesado mediante anuncio no taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 85 de data 3.05.2012, de acordo co previsto no art. 59.5 da LRXAP, non constando que se formularan alegacións ou presentara documentación ao procedemento no prazo outorgado ao efecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O Pleno municipal polo acordo adoptado o 7 de marzo de 1983 adxudicou á D. José L. Darriba Fernández a concesión administrativa para a instalación e explotación dun quiosco de venda de prensa na vía pública consoante o prego de condicións administrativas aprobadas polo Pleno Municipal o 29 de abril de 1982.

SEGUNDO.- De acordo co Prego de Condicións administrativas para a instalación de Quioscos na vía Pública, aprobado polo acordo do pleno municipal 29/04/1982, que serviu de base para a adxudicación do concurso público e polo que se rexe a concesión administrativa outorgada a D. José L. Darriba Fernández, dado o carácter persoal da mesma, considérase extinguida a concesión polo cese na actividade, debido a calquera causa do concesionario inicial, salvo os casos de transmisión intervivos ou mortis causa previstos na Base XII que en calquer caso haberá de ser autorizada pola Administración Municipal (Base VIII).

A facultade do concesionario para a transmisión da concesión prevese e regulase na Base XII que a contempla só nos supostos de que o adquirente sexa parente por consanguinidade ou afinidade en primeiro grado e concorran circunstancias análogas as que serviron de base a concesión, tendo que ser autorizada en calquer caso pola Administración municipal tanto resulte de actos intervivos como mortis causa.

TERCEIRO.- No presente caso, segundo resulta do informado polo departamento de Mobilidade e Seguridade, o quiosco sito na Avda. Gran Vía a altura do nº 136 atopase rexentado por D.^a M^a Gladys Pereira Alonso, persoa distinta da que é titular da concesión (D. José L. Darriba Fernández), non constando que se tivera outorgado a correspondente autorización administrativa para a súa cesión ou traspaso, nin que o titular mantese a xestión do mesmo, podendo considerarse por conseguinte que cesou na súa actividade tendo procedido a unha cesión encuberta dos seus dereitos a terceiros, infrinxindo con elo o clausulado do prego de condicións administrativas polo que se rexe o título concesional.

CUARTO.- A teor do que antecede, pódese considerar que a concesión administrativa atópase incurso na causa de resolución prevista no prego de condicións ao dispoñer na súa Base XV, que a concesión resolverase por algunha das causas seguintes: (...)9.- *Traspaso ou cesión da Concesión sen autorización expresa e previa da Administración.*

Por conseguinte, procede declarar resolta a concesión administrativa outorgada polo pleno municipal o 7 de marzo de 1983, a D. José L. Darriba Fernández para a instalación e explotación dun quiosco de venda de prensa na vía pública, por causa do seu cese na actividade e atoparse rexentado por terceiro non autorizado, consoante o disposto na Base VIII e XV.9 do Prego de condicións administrativas.

QUINTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, na virtude do disposto no TRLCSP, na súa Disposición Adicional Segunda, apartado 3.

Por todo elo, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Declarar resolta a concesión administrativa outorgada o 7 de marzo de 1983, a D. Jose L. Darriba Fernández para a ocupación do dominio público municipal mediante a instalación dun quiosco na Avda. de Gran Vía desta cidade de Vigo, ao cesar na súa actividade e atoparse rexentado por terceiro non autorizado, consoante o disposto na Base VIII e XV.9 do Prego de condicións administrativas pola que se rexe dita concesión administrativa.

SEGUNDO.- Requirir a D. José L. Darriba Fernández para que no prazo dun mes, a contar dende o recibo da presente notificación, proceda á retirada do quiosco da vía pública, debendo comunicar ao departamento municipal de vías e obras a súa realización para o correspondente control e seguimento destes.

TERCEIRO.- Apercibirle que transcorrido o prazo outorgado, e no caso de incumprimento, procederá por esta Administración á execución forzosa do ordeado de acordo co procedemento previsto na Lei 30/92 de RXAP e PAC, correndo do seu cargo tódolos gastos que se poidan orixinar ao efecto.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta que antecede.

11(807).- SUBVENCIÓN A TEATRO ENSALLE, S.L., PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA “ISTO FERVE” 2012. EXPTE. 13823/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas, de data 18.06.2012, e modificación da proposta, do 3.07.2012, co conforme do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e da concelleira delegada da área e da concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 26.06.2012, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización, do 29.06.2012, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 7.200,00 € (sete mil douscentos euros) a TEATRO ENSALLE S.L.L. S.L.L., CIF: B36920247, para o financiamento do programa “Isto Ferve” 2012, organizado por esta entidade, con cargo á partida 3340.470.00.04 “programación teatral convenio TEATRO ENSALLE”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L. S.L.L., para o desenvolvemento do programa “Isto Ferve 2012” axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de

novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa a TEATRO ENSALLE S.L.L. deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; por unha parte, está prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo e por outra parte, o seu interese público e social do programa a subvencionar pode quedar acreditado por ser unha oferta teatral singular na cidade, diferenciada da que presentan os outros espazos teatrais privados e municipais e por tanto resulta complementaria da que realiza o Concello; polo que non procedería a concorrència para o seu outorgamento.

TERCEIRO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e TEATRO ENSALLE S.L.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “Isto Ferve” 2012.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA ISTO FERVE 2012

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil doce.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Pedro Martínez-Fresneda Martínez, na súa calidade de administrador solidario, CIF: B36920247, e con enderezo na rúa Chile 15, 36202 da cidade de Vigo, que no sucesivo se denominará TEATRO ENSALLE S.L.L..

MANIFESTAN

Que TEATRO ENSALLE S.L.L., tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sociais o de sala de teatro e academia de ensinanza de teatro.

Que TEATRO ENSALLE S.L.L. ven organizando desde o ano 2005 o programa “Isto Ferve”, amosando unha oferta experimental e innovadora de novas linguaxes escénicas, convertíndose nun referente nas artes escénicas contemporáneas a nivel autonómico e estatal.

Que a Concellería de Cultura, Festas e Política do Benestar do Concello de Vigo considera que o interese público e social do programa “Isto Ferve”, promovido por TEATRO ENSALLE S.L.L., complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.

O Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.470.00.04 “programación teatral convenio TEATRO ENSALLE S.L.L.”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 7.200,00 €, a favor de TEATRO ENSALLE S.L.L., CIF: B36920247.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que se asina este convenio para

regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do programa "Isto Ferve 2012".

TEATRO ENSALLE S.L.L. ten declarado que non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade TEATRO ENSALLE S.L.L., o Concello de Vigo e a dita entidade TEATRO ENSALLE S.L.L. conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a TEATRO ENSALLE S.L.L. pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao programa "Isto Ferve 2012".

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 10.300,00 € (dez mil trescentos euros). Os ingresos previstos por TEATRO ENSALLE S.L.L. para realizar este programa proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (7.200,00 €, 70,00 % do total), ingresos por billeteira e acehgas propias (3.100,00 €, 30,00 %)..

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O programa "Isto Ferve" 2012, ten lugar entre 2 ao 25 de marzo do ano 2012 na sede do TEATRO ENSALLE S.L.L.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE TEATRO ENSALLE S.L.L.

1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso, se fose o caso, etc.).
2. Responsabilizarse da organización integral do programa "Isto Ferve 2012", de difundilo amplamente, dispoñer do espazo, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Festas, derivada da subvención concedida ao TEATRO ENSALLE S.L.L..
4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as acción de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
5. Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa "Isto Ferve 2012" a través da páxina Vigocultura.org.
6. TEATRO ENSALLE S.L.L. comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención

concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

7. A concesión da subvención a TEATRO ENSALLE S.L.L. implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA, FESTAS E POLÍTICA DO BENESTAR.

1. Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa “Isto Ferve 2012”.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a TEATRO ENSALLE S.L.L. é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do programa “Isto Ferve 2012”.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

TEATRO ENSALLE S.L.L. asume integramente a produción de material gráfico para difusión do programa “Isto Ferve 2012”.

De acordo co establecido no artigo 15.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia, TEATRO ENSALLE S.L.L. deberá dar axeitada publicidade do carácter público do financiamento da programación, neste caso do programa “Isto Ferve 2012”; para o que incorporará os logotipos ou lendas indicadas pola concellería de Cultura e Festas na difusión do programa pendente de realizar (material gráfico, páxina web, presentacións públicas e calquera outro recurso que se utilice); tamén se instalará durante 2012, na web do Teatro Ensalle e nun lugar visible do propio teatro unha información que indique que o programa “Isto Ferve” de 2012 contou cunha subvención do Concello de Vigo do 70 % do total do seu orzamento.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, pendentes de producir, deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias TEATRO ENSALLE S.L.L., Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, TEATRO ENSALLE S.L.L. entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Festas.

TEATRO ENSALLE S.L.L. comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. TEATRO ENSALLE S.L.L. tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

TEATRO ENSALLE S.L.L. facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre o programa "Isto Ferve" nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a TEATRO ENSALLE S.L.L. polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do programa "Isto Ferve 2012", por importe 7.200,00 € á finalización da realización do programación, trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, dos correspondentes informes técnicos e o conforme da concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR O PAGAMENTO.-

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en todo caso antes do 30 de novembro de 2012.
- Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria-avaliación do programa "Isto Ferve 2012", que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais xustificativas do importe subvencionado, nas que figure TEATRO ENSALLE S.L.L. como entidade destinataria.
- Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por TEATRO ENSALLE S.L.L. para financiar a totalidade do programa "Isto Ferve 2012": importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandising, etc.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación á que se fai referencia no parágrafo anterior.

As facturas, dirixidas a TEATRO ENSALLE SLL, deberán recoller o número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que estea exenta de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade da concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directa e indubidablemente aplicables ao programa "Isto Ferve 2012", quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo a TEATRO ENSALLE S.L.L., é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

TEATRO ENSALLE S.L.L. comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas por TEATRO ENSALLE S.L.L. para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCION.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura. Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Para estes efectos, no expediente consta un orzamento estimado de ingresos por importe total de 10.300,00 €. No caso de producirse modificacións ao respecto TEATRO ENSALLE S.L.L. comunicará ao CONCELLO as modificacións, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou non do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apareazón e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2012, e non será prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E TEATRO ENSALLE S.L.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ISTO FERVE 2012

PRESUPOSTO

INGRESOS PREVISTOS

| | |
|---|--------------------|
| Departamento de Cultura do Concello de Vigo | 7.200,00 € |
| Ingresos por billeteira | 2.000,00 € |
| Achega do Teatro Ensalle | 1.100,00 € |
| TOTAL | 10.300,00 € |

GASTOS

| | |
|-----------------------------------|--------------------|
| Gastos de manutención | 800,00 € |
| Cachets Cachets de espectáculos | 7.000,00 € |
| Gastos dirección técnica | 2.000,00 € |
| Gastos de promoción e publicidade | 500,00 € |
| TOTAL | 10.300,00 € |

**ASUNTO.- ACHEGA DO CONCELLO DE VIGO A ENSALLE S.L.L. NO ANO 2012
MODIFICACIÓN DA PROPOSTA DE ACORDO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.**

Con data de 29 de xuño de 2012 a xefa do servizo de fiscalización, co conforme do Interventor Xeral, emite informe preceptivo sobre o asunto citado.

No informe recóllese que, con carácter previo á aprobación do Convenio pola Xunta de Goberno Local o servizo xestor debe facer constar na cláusula oitava "PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN" que entre a documentación a presentar deben constar as certificacións que acrediten estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social, xa que ao tratarse o beneficiario da subvención dunha empresa non pode acollerse ao réxime simplificado a través de declaración responsable que prevé o artigo 31.7 e) da Lei de Subvencións de Galicia.

Por este motivo compre modificar a proposta á Xunta de Goberno Local subscrita, con data 19 de xuño de 2012, pola xefatura do departamento de Cultura, conformado polo xefe de xefe de xestión e promoción cultural e asinado pola concelleira-delegada da Área de Cultura, Festas e Política do Benestar, da seguinte forma:

Cláusula oitava “Pagamento da subvención”, apartado “Documentación para tramitar o pagamento”; onde dí “Declaración xurada de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo”, debe dicir: “Certificacións de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo”

12(808).- RECOÑECEMENTO DA OBRIGA DERIVADA DA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1, SOBRE RECLAMACIÓN DE FACTURAS DE D. GRACIANO RODRÍGUEZ E HIJOS. EXPTE. 8121/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 27.06.2012, co conforme do concelleiro de Deportes, e co informe do Interventor Xeral do 4.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Recoñecer e aboar á empresa GRACIANO RODRÍGUEZ E HIJOS, S.L., con CIF. B-36628410, a cantidade de 5.946,49 € en concepto de capital e intereses de demora, segundo o disposto na sentenza 205/12, ditada en data 2/05/2012, polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, con cargo á partida 3410.210.00.03 Mantemento outras instalacións deportivas do orzamento de gastos aprobado para o vixente exercicio económico.

Segundo.- Notificar o acordo adoptado ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo e a Graciano Rodríguez e Hijos, S.L coma interesado.

13(809).- AUTORIZAR A EL CORTE INGLÉS A ORGANIZAR O VINDEIRO DOMINGO 12.08.12 A XXXIV TRAVESÍA A NADO EL CORTE INGLÉS-TROFEO RÍA DE VIGO-NATACIÓN LARGA DISTANCIA. EXPTE. 11314/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 10.07.2012, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar a El Corte Inglés, a organizar o vindeiro domingo 12 de agosto de 2012 , a **XXXIV Travesía a nado El Corte Inglés- Trofeo Ría de Vigo- Natación Larga Distancia**. A dita proba terá lugar na praia do Vao e nas inmediacións da Isla de Toralla, nun horario comprendido entre as 9.00 horas e as 14.00 horas”.

14(810).- AUTORIZAR AO CLUB CICLISTA MEIXOEIRO A ORGANIZAR O VINDEIRO 21.07.12, O GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO. EXPTE. 11350/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 10.07.2012, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar ao Club Ciclista Meixoeiro a organizar o vindeiro 21 de xullo de 2012, o XXIV GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO. A dita proba comenará ás 17.30 horas e rematará ás 19.30 horas, tendo o circuíto programado polo Barrio do Meixoeiro, Avda. De Madrid (vella), Camiño Tixolo e Camiño do Meixoeiro”.

15(811).- AUTORIZAR AO CLUB VOLEY PRAIA VIGO A ORGANIZAR OS MARTES DE XOVES DO MES DE XULLO E AGOSTO A ESCOLA DE VERÁN DE VOLEY PRAIA. EXPTE. 11363/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 10.07.2012, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar ao club Voley Praia Vigo a organizar os martes e xoves dos meses de xullo e agosto, en horario de 9.30 a 12 horas a **ESCOLA DE VERÁN DE VOLEY PRAIA**. O dito evento desenvolverase na praia se Samil a carón da desembocadura do río Lagares”.

16(812).- PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E CONSOLIDACIÓN DO ACTUAL CIRCUÍTO DE ADESTRAMENTO NO PARQUE DE CASTRELOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11381/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do director deportivo do IMD, de data 10.07.2012, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar o PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE OBRAS DE MANTEMENTO E CONSOLIDACIÓN DO ACTUAL CIRCUÍTO DE ADESTRAMENTO NO PARQUE DE CASTRELOS DO CONCELLO DE VIGO, redactado por Naos Arquitectos SLP e informado favorablemente polos arquitectos municipais D. Juan Piñeiro e D David Carvajal, que ten un orzamento base de licitación de 144.481,16 € (cento coarenta e catro mil catrocentos oitenta e un euros con dezaseis céntimos”.

17(813).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN, DE DATA 29.06.2012, POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN

DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E AS LISTAS DE AGARDA COA PUNTUACIÓN OBTIDA E A COTA MENSUAL QUE CORRESPONDE ABOAR EN CADA CASO. EXPTE. 14099/332.

Dáse conta da Resolución da concelleira delegada de Educación da data 29 de xuño de 2012, pola que se aproba a relación definitiva de admitidos/as e as listas de agarda coa puntuación obtida e a cota mensual que corresponde aboar en cada caso; que di:

“Vista a proposta contida no informe do xefe do Servizo de Educación de data 26 de xuño de 2012, sobre reclamacións e lista definitivas de adxudicación de prazas e listas de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2012/2013 (expte. nº 14099/332)

RESOLVO:

1. Estimar, polas razóns expostas no informe técnico do Servizo de Educación de data 26/06/12, e incorporar aos respectivos expedientes a documentación aportada pola/os seguintes recurrentes: Rafael J Santos Rodriguez (Nº Rex. 120070888), incluíndoa, unha vez revisada a baremación, no listado de agarda da EIM Bouzas cunha puntuación definitiva de 13 puntos. Marta González Comesaña (Nº Rex. 120072020), incluíndoa, unha vez revisado o baremo, na lista de agarda da EIM de Bouzas, cunha puntuación de 13 puntos. Emma González García (Nº Rex. 120073461), incluíndoa, unha vez revisada a baremación na lista de agarda da EIM Bouzas, cunha puntuación de 16 puntos. Carlos Alfaya Vidal (Nº Rex. 120073467), aceptar o cambio de escola da EIM Bouzas para a EIM Costeira de Saiáns, na quenda de tarde. M^a Deizi Pardo Andía (Nº Rex. 120074140), aceptar o cambio de escola da EIM Santa Marta, con praza aceptada, para a de EIM Tomás Alonso.
Correxir os erros detectados por incorrecto funcionamento no automatismo do programa informático utilizado na baremación de solicitudes das escolas infantís municipais seguintes:
Anxo Fernández González que nos listados provisionais obtén unha puntuación de 15 puntos cando debera ser de 17 puntos. Anxo Platero Iglesias, que nos listados provisionais obtén unha puntuación de 12 puntos cando debera obter 8 puntos e consecuentemente pasa á lista de agarda e Africa Troyón André, que nos listados provisionais obtén unha puntuación de 11 puntos cando debera ser de 14 puntos polo que queda admitida a súa solicitude.
2. Desestimar, polas razóns expostas no informe do técnico do Servizo de Educación de data 21/06/11, as reclamacións presentadas por: Francisco Javier Correa (Nº Rex. 120072696), Gema García Velasco (Nº Rex. 120074381), Lorena García Barreiro (Nº Rex. 120074884) e Oswaldo Casani Quilca (Nº Rex. 120075312).
3. Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas Infantís Municipais de Santa Cristina-Lavadores, Atalaia-Teis, Santa Marta-Casco Vello, Costeira-Saiáns, Tomás Alonso e Bouzas para o curso 2012-2013, que se inclúen no expediente.
4. Ordenar a publicación das listas citadas no taboleiros de anuncios das Escolas Infantís Municipais e na páxina web municipal.
5. Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8,

25.1, 46.1 da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

18(814).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, PARA A ORGANIZACIÓN DA “FESTA DO POLBO 2012”. EXPTE. 4583/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica do servizo de Festas, de data 25.06.2012, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e da concelleira delegada da área, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 29.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares para a coorganización da “FESTA DO POLBO 2012 ”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 8.100,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará ó Centro Veciñal e Cultural de Valadares (CIF G-36.805.158), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0006 (Convenio Centro veciñal cultural Valadares – Festa Polbo) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2012.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO POLBO 2012

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelaira Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada de Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2012, sobre delegación de atribucións nos Delegados de Área.

Doutra, don Gregorio Álvarez Pereira, como presidente do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF nº G-36.805.158 e enderezo social na estrada xeral de Valadares nº 233 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4014/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que o Centro Veciñal e Cultural de Valadares ten por fins, entre outros, o de organizar actividades culturais e sociais diversas. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Polbo”, no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das “Festas de Verán 2012”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enxalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0006, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Polbo 2012 no monte dos Pozos o día 14 de agosto.

VI.- Que a entidade Centro Veciñal e Cultural de Valladares non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4583/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Centro Veciñal e Cultural de Valladares**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- O Centro Veciñal e Cultural de Valadares comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Polbo 2012, que terá lugar no monte dos Pozos (Valadares) o día 12 de agosto de 2012, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.- Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das "Festas de Vigo 2012".

4º.- Conceder directamente ó Centro Veciñal e Cultural de Valadares, unha subvención por importe de 8.100,00 € (oito mil €) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Polbo 2012.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080 5082 36 3040007433, da entidade bancaria NCG BANCO, S.A., da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de un mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
 - Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio. A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Cultura e Festas. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Festas e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa

conformidade previa da Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico do servizo de Festas nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- A concelleira de Cultura e Festas queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establececerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

19(815).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA “XVII FESTA DO MEXILLÓN”. EXPTE. 4584/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da técnica do servizo de Festas, de data 29.06.2012, conformado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e da concelleira delegada da área e da concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 29.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 5.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a coorganización da “XVII FESTA DO MEXILLÓN”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 12.600,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), con cargo á partida presupostaria 3380.489.0005 (Convenio Federación Peñas recreativas El Olivo – Festa Mexillón) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2012.

Na Casa do Concello de Vigo,

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, don Balbino Moreira Vállez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4584/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Mexillón”, no parque de Castrelos, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das “Festas de Verán 2012”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de enalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como os nosos folclore e cultura populares. De igual maneira, o Concello está interesado en

achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

III. Que dende o ano 1996 se asinaron diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0005, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 12.600,00 (doce mil seiscientos) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Mexillón 2012 no parque de Castrelos o día 24 de xullo..

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4013/335. Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **Federación de Peñas recreativas El Olivo**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Mexillón 2012, que terá lugar no parque de Castrelos, o día 1 de setembro de 2012, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización da “XVII FESTA DO MEXILLÓN”, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cincocentos carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo do programa das “Festas de Vigo 2012”.

4º.- Conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 12.600,00 (doce mil seiscientos euros) co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da Festa do Mexillón 2012.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.5020.01.3040023621, da entidade bancaria NCB BANCO, S.A., da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma

expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O persoal técnico do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Festas, a e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- A concelleira de Cultura e Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Animación sociocultural. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo na data anteriormente indicada.

20(816).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE XUÑO 2012. EXPTE. 1483/334.

Dáse conta dos expedientes de contrato menor tramitados no servizo de Normalización Lingüística no mes de xuño 2012, segundo informe da técnica do SNL do 5.07.2012, conformado polo concelleiro delegado da área:

| | |
|----------------------|---|
| Expediente | 1476/334. Contrato menor polos gastos xerados da recollida de campo, tratamento e posta en valor da toponimia menor |
| Decreto concelleiro | data 22 de xuño de 2012 |
| Informe Intervención | RC 42987 |
| Adxudicatario | Varias empresas |
| Importe | 10.000,00 euros |

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

21(817).- DECLARAR A NULIDADE DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS REALIZADOS POLA ENTIDADE HIDROSCIVIL S.L. E APROBAR A INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLAS ACTUACIÓNS E O GASTO REALIZADO. EXPTE. 5718/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, de data 4.07.2012, conformado polo concelleiro da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 29.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 3.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

-Declarar a nulidade da prestación dos servizos realizados pola entidade Hidroscivil S.L.

-Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 58.992,41 € (cincuenta e oito mil novecentos noventa e dous euros con corenta e un céntimos), a favor de Hidroscivil S.L. (CIF:B-36759652), con cargo á aplicación 9240 6220071 (Rec. Extr. C. Esc. M. Beade. Hidroscivil Carrera.)

-Recoñecer a obriga a Hidroscivil S.L., polo importe de 58.992,41 € e correspondente as "Obras de acondicionamento interior da Escola de Música de Beade".

22(818).- DECLARAR A NULIDADE DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS REALIZADOS POR ORESA S.L. E APROBAR A INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLAS ACTUACIÓNS E O GASTO REALIZADO. EXPTE. 5726/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, de data 29.06.2012, conformado polo concelleiro da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 19.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 27.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

-Declarar a nulidade das actuacións realizadas.

-Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 9.780,16 (nove mil setecentos oitenta euros con dezaseis céntimos), a prol de "Oresa S.L., Obras, Reformas y Saneamientos", con cargo á aplicación 9240 6190000 (R. Ext. C. Oresa, Canaliz. Aguas C.C. Coruxo)

-Recoñecer a obriga a favor de "Oresa S.L., Obras, Reformas y Saneamientos", polo importe de 9.780,16 €, correspondente ás "Obras de canalización de augas pluviais no Centro Cívico de Coruxo".

23(819).- DECLARAR A NULIDADE DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS REALIZADOS POLA ENTIDADE CONSTRUCCIONES CARRERA E IGLESIAS S.L. E APROBAR A INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POLAS ACTUACIÓNS E O GASTO REALIZADO. EXPTE. 5720/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, de data 2.07.2012, conformado polo concelleiro da área e pola concelleira de Facenda, co informe xurídico do secretario da Admón. Municipal do 26.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 29.06.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

-Declarar a nulidade da prestación dos servizos realizados pola entidade Construcciones Carrera e Iglesias S.L.

-Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28^a das Bases de execución do orzamento para o ano 2012, por un importe de 17.502,65 (dezasete mil quiñentos dous euros con sesenta e cinco céntimos), a prol de Construcciones Carrera e Iglesias, con cargo á aplicación 9240 6220071 (Rec. Extr. C. Esc. M. Beade. Hidroscivil Carrera.)

-Recoñecer a obriga a favor de Construcciones Carrera e Iglesias S.L., polo importe de 17.502,65 €, correspondente ás "Obras de urbanización do entorno da Escola de Música de Beade".

24(820).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS A FAVOR DA EMPRESA SIRVENT EN CONCEPTO DE MOBILIARIO PINACOTECA. EXPTE. 6658/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, de data 14.06.2012, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, co informe da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 26.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 3.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de SIRVENT, S.L. co CIF B-36615417, en relación coa subministración de mobiliario da pinacoteca, consonte coa factura nº 336, con data de rexistro 08/07/11, con cargo á partida 3360.6250000, “REC.EXT.C. MOBILIARIO PINACOTECA”, por importe total de 43.530,20 euros (IVE incluído) do orzamento municipal do ano 2012.”

25(821).- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS A FAVOR DA EMPRESA EDIPRENT, EN CONCEPTO DE BANDEIRAS DE GALICIA. EXPTE. 6686/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta da xefa de Patrimonio Histórico, de data 12.06.2012, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, co informe da técnica de Admón. Xeral e da titular da Asesoría Xurídica, do 27.06.2012, e co informe do Interventor Xeral do 3.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos a favor de EDICIONES Y PRODUCCIONES EMPRESARIALES, S.A.U., co CIF A-36751287, en relación cos gastos ocasionados pola subministración de 1.043 bandeiras de Galicia, consonte coa factura nº 10700557, con data de rexistro 16/09/10, por un importe de 3.310,94 euros (IVE incluído), con cargo á partida 3360.2260902, “REC.EXT.C. MONICREQUES, PUZZLES, BANDEIRAS” do orzamento do ano 2012.”

26(822).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES FINALIZADOS DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2012, DE RECLAMACIÓN POR PREXUIZOS CAUSADOS AO PATRIMONIO MUNICIPAL (XUDICIAL E EXTRAJUDICIAL). EXPTE. 36040/212.

Dáse conta da relación de expedientes finalizados durante o segundo trimestre do ano 2012 (abril, maio e xuño) de reclamación por prexuízos causados ao patrimonio municipal (xudicial e extraxudicial):

| Expediente | Xulgado/Responsable | Procedemento | Importe |
|-------------------|----------------------------|---------------------|----------------|
| 34580-212 | Winterthur Seguros | | 1.311,95€ |
| 34696-212 | Xulgado Instrucción nº4 | D.P.P.A 1420/2011 | 239,01€ |

| | | | |
|-----------|-------------------------------|-------------------|---------|
| | Vigo | | |
| 34786-212 | Xulgado Instrucción nº 2 Vigo | D.P.P.A 1868/2011 | 286,98€ |
| 34861-212 | Xulgado Instrucción nº 6 Vigo | D.P.P.A 5586/2011 | 290,59€ |
| 34958-212 | Línea Directa Seguros | | 125,61€ |
| 35053-212 | Xulgado Instrucción nº 2 Vigo | D.P.P.A 5172/2011 | 108,18€ |
| 35189-212 | Xulgado do Penal nº 3 Vigo | DUD/JR 196/2011 | 382,63€ |
| 35246-212 | Xulgado Instrucción nº 2 Vigo | D.P.P.A 593/2012 | 394,91€ |
| 35325-212 | Xulgado Instrucción nº 7 Vigo | D.P.P.A 568/2012 | 368,11€ |
| 35351-212 | Xulgado Instrucción nº 7 Vigo | D.P.P.A 462/2012 | 110,15€ |
| 35454-212 | Xulgado Instrucción nº 2 Vigo | D.P.P.A 1540/2012 | 632,60€ |
| 35538-212 | Xulgado Instrucción nº 6 Vigo | D.P.P.A 1285/2011 | 503,56€ |

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

27(823).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS NA XEFATURA DA POLICÍA LOCAL DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2012. EXPTE. 36039/212.

Dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados na Xefatura da Policía Local durante o segundo trimestre do ano 2012 (abril, maio e xuño):

| Expte. | Partida | CM | Asunto | Adxudicatario | Data Decreto | Data Rc | Importe |
|-----------|--------------|-----|---|------------------------|--------------|----------|-------------|
| 35546-212 | 1320.2279905 | SER | Mantemento sistema multascan de xestión de denuncias | Tradesegur | 26/03/12 | 12/04/12 | 3.823,20€ |
| 35825-212 | 1320.2270602 | SER | Recollida e análise em laboratorio de mostras de saliva | Drager Hispania Safety | 22/05/12 | 07/06/12 | 12.119,83 € |
| 35827-212 | 1320.2140000 | SER | Reparación e mantemento medios locomoción | | 23/05/12 | 06/06/12 | 3.000,00€ |
| 35630-212 | 1320.2120000 | SER | Reparación e mantemento outras construcións | | 20/04/12 | 24/04/12 | 6.000,00€ |
| 35730-212 | 1320.2219900 | SUM | Adquisición 100 defensas e 107 fundas | Galicom | 03/05/12 | 29/05/12 | 17.076,96 € |
| 35945-212 | 1320.2210400 | SUM | Adquisición 15 chalecos anti trauma; 14 portacargadores; 2 luvas kit serpientes | Galicom | 15/05/12 | 25/06/12 | 2.391,86€ |
| 35889- | 1320.2279902 | SER | Tramitación | Gestoría | 06/06/12 | 25/06/12 | 357,77€ |

| | | | | | | | |
|-----|--|--|--|------------|---|--|--|
| 212 | | | documentación vehículo 1506FTM da Policía Loal | Rodal,S.L. | 2 | | |
|-----|--|--|--|------------|---|--|--|

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

28(824).- DAR CONTA DO DECRETO DO CONCELLEIRO DA ÁREA DE FOMENTO, REFERENTE Á AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA A UN CURSO DO FUNCIONARIO D. ROBERTO DE LA IGLESIA FERNÁNDEZ, AO XXXVIII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMEADO PÚBLICO EN TOLEDO. EXPTE. 1378/440.

Dáse conta do decreto do concelleiro da área de Fomento, de data 15.05.2012, que di:

“No uso das competencias que me atribúe a lexislación vixente en materia de réxime local (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2011

RESOLVO

- ✗ Autorizar a asistencia do funcionario Roberto de la Iglesia Hernández. Axudante Técnico de Electro-Mecánicos, ao “XXXVIII Simposium nacional de alumeado público en Toledo, a celebrar do 23 ao 26 de maio de 2012”.
- ✗ Autorizar o gasto por importe de 253,46 €.
- ✗ A tramitación do expediente 1.378/440 como nota de gastos a favor de D. Roberto de la Iglesia Hernández.
- ✗ Autorizar a utilización por parte do citado funcionario do seu vehículo particular.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local queda enterada

29(825).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN PARA O RECICLAXE DE LÁMPADAS “AMBILAMP” E O CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1409/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe proposta do xefe da área de Fomento, de data 5.07.2012, co informe do asesor xurídico da área de Fomento do 3.07.2012, e co informe do Interventor Xeral do 9.07.2012, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación sen ánimo de lucro Ambilamp para implantar mecanismos que faciliten á recollida selectiva de residuos de lámparas sen que isto supoña custe algún para o Concello de Vigo, e que se transcribe a continuación:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE LA ASOCIACION AMBILAMP Y EL AYUNTAMIENTO DE VIGO PARA IMPLANTAR MECANISMOS QUE FACILITEN LA RECOGIDA SELECTIVA DE RESIDUOS DE LÁMPARAS.

En Vigo, a ____ de ____ de 2012

REUNIDOS

De una parte D. Juan Carlos Enrique, en nombre y representación de la ASOCIACIÓN AMBILAMP, entidad asociativa sin ánimo de lucro inscrita en el Registro de Asociaciones con el número nacional 585706, con domicilio social en Madrid, calle Santiago de Compostela, 94 28035, y CIF G-84397959, en su calidad de Director General de AMBILAMP, como se desprende de la escritura de fecha 3 de julio de 2.009, con número 878 del protocolo del Notario de Madrid D. Antonio Huerta Trolez.

En adelante, **AMBILAMP**.

De otra parte, el Ilmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, en virtud de su condición de Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de Vigo (Pontevedra), según lo dispuesto en el artículo 21 de la Ley //1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local y el artículo 24 del Real Decreto Legislativo 781/1986, del 18 de abril, texto refundido de las disposiciones legales vigentes en material de régimen local.

En adelante, **la ENTIDAD**.

Las partes, en el respectivo carácter e interés con el que actúan, se reconocen mutuamente capacidad jurídica y de obrar suficiente para firmar el presente documento y, a tal efecto:

MANIFIESTAN

1. Que en cumplimiento de la Directiva 2002/96/CE, del Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de enero de 2003, sobre residuos de aparatos eléctricos y electrónicos y el Real Decreto 208/2005, de 25 de febrero, del mismo nombre, AMBILAMP, entre otras actividades, opera el Sistema Integrado de Gestión de residuos de lámparas incluidas en la categoría 5 del Anejo I del citado Real Decreto 208/2005 (RD RAEE).
2. Que de conformidad con lo establecido en el mencionado RD RAEE, AMBILAMP debe implantar un sistema de recogida selectiva de los residuos de lámparas, que permita su entrega, recogida y posteriormente tratamiento, de forma ambientalmente correcta, de acuerdo con las exigencias derivadas del artículo 7 de dicho Real Decreto.
3. Que la ENTIDAD es una Administración Pública Local, que en sus instalaciones se generan residuos de lámparas contenidas en la categoría 5 del Anejo I del Real Decreto 208/2005, de 25 de febrero, sobre aparatos eléctricos y electrónicos y la gestión de sus residuos, (en adelante RD RAEE) que deben ser posteriormente entregados a un Sistema Integrado de Gestión como el dirigido por AMBILAMP para su tratamiento de acuerdo con las exigencias de dicho RD RAEE.
4. Que, conforme al artículo 17 de la Ley 22/2011, de 28 de julio, de Residuos y suelos contaminados y el RD RAEE, se podrán pactar la forma y condiciones en que se llevará a cabo dicha recepción de las lámparas, así como la recogida que se realice por AMBILAMP desde las instalaciones de la ENTIDAD.
5. Que ambas partes manifiestan un mutuo interés en poner en marcha mecanismos eficientes de recogida selectiva de los residuos de lámparas que permitan cumplir las obligaciones ambientales establecidas en la normativa de aparatos eléctricos y electrónicos mencionada en los apartados anteriores, para lo que deciden establecer los mecanismos de colaboración que se contemplan en el presente convenio de colaboración, de acuerdo con las siguientes:

CLÁUSULAS

PRIMERA. Naturaleza y marco jurídico .

El presente acuerdo de colaboración tiene naturaleza privada y se regirá por las estipulaciones del mismo. En lo no previsto en este documento será de aplicación el Código de Comercio vigente, el Código Civil con carácter supletorio, el Real Decreto sobre Aparatos eléctricos y electrónicos y la gestión de sus residuos o normativa que le sustituya, así como cualquier otra disposición vigente en la materia objeto del presente convenio.

SEGUNDA. Objeto y ámbito de aplicación .

El objeto del presente acuerdo de colaboración es regular los derechos y obligaciones de las partes en relación a la recepción temporal a desarrollar por la ENTIDAD y entrega a AMBILAMP de los residuos de lámparas relacionadas en la categoría 5 del Anejo I del RD RAEE y LEDs Retrofit. Los residuos de lámparas bajo el ámbito de aplicación del presente Convenio procederán exclusivamente de las instalaciones de la ENTIDAD que se identifican en el **ANEXO I**.

TERCERA. No exclusividad.

1. El presente acuerdo no atribuye un derecho de exclusividad. AMBILAMP tendrá derecho a suscribir con otros operadores acuerdos de la misma o análoga naturaleza.
2. Asimismo la firma de este documento no impide que la ENTIDAD pueda también firmar acuerdos semejantes con otras entidades gestoras de sistemas integrados de gestión, que tengan por objeto colaborar en la recepción temporal y recogida de los aparatos eléctricos y electrónicos adheridos a tales sistemas.

CUARTA. Obligaciones de la ENTIDAD.

La ENTIDAD se compromete al cumplimiento de los requisitos recogidos en el presente Convenio de Colaboración, así como apoyar la actividad de gestión de residuos de lámparas que realiza AMBILAMP, en los términos establecidos en el presente Convenio. En concreto, la ENTIDAD se obliga a:

1. En relación a la ubicación de la instalación de recepción del residuo.

- Habilitar un punto de recepción de los residuos cubierto, ventilado y controlado, que cumpla con todos los requisitos técnicos exigidos por el Real Decreto RAEE y resto de normativa aplicable.
- Acumular en los contenedores facilitados por AMBILAMP o el gestor logístico designado por ésta al efecto, cantidad igual o superior al 70% del nivel de llenado de los contenedores provistos por AMBILAMP, para su posterior entrega a AMBILAMP.
- Cumplir las exigencias de acondicionamiento previstas en el RD RAEE y resto de normativa aplicable.

2. En relación con la forma de repcionar los residuos de lámparas.

- Recepcionar y hacerse cargo, y con independencia de su marca y de si el productor se encuentra adherido al Sistema Integrado de Gestión operado por AMBILAMP, siempre y cuando contengan los componentes esenciales y no incluyan otros residuos no pertenecientes a la lámpara, de los residuos de lámparas que hayan generado en sus instalaciones.
- Almacenar de forma diferenciada las lámparas fluorescentes rectas del resto de lámparas de descarga, de acuerdo con los contenedores específicos para lámparas de AMBILAMP. Las lámparas deberán quedar separadas del resto de residuos tales como luminarias, embalajes o fundas u otros aparatos eléctricos y electrónicos distintos a las lámparas, con el fin de favorecer el proceso de tratamiento.
- Evitar el depósito de otros productos o residuos que no sean las lámparas objeto del presente convenio.
- Evitar la recepción y entrega de lámparas rotas. Las lámparas deberán ser depositadas en el interior del contenedor evitando su rotura.
- Abstenerse de realizar en las lámparas cualquier tipo de actuación que pueda afectar a la seguridad o perjudicar y/o impedir su correcta gestión ambiental.

- Vigilar y conservar en buen estado los contenedores y los residuos que éste contenga. Si hubiera algún daño o desperfecto en los contenedores facilitados a la ENTIDAD, deberá comunicarlo a AMBILAMP o al gestor que los hubiese suministrado, en cuanto tengan conocimiento de ello para que este última pueda realizar su reparación o reemplazo, sin perjuicio de lo establecido en el siguiente punto.
- Asumir el mantenimiento y correcta utilización de los contenedores facilitados para el almacenamiento de lámparas, responder ante AMBILAMP de los daños y perjuicios derivados de la culpa o negligencia de sus empleados en su conservación o custodia de los contenedores, y restituirlos en buen estado al término del presente convenio.
- En caso de reiterada utilización incorrecta del contenedor AMBILAMP en algunas de las instalaciones recogidas dentro del Anexo I del presente convenio, AMBILAMP se reserva el derecho a no renovar el presente convenio de colaboración.
- Abstenerse de trasladar los contenedores a lugares distintos a los acordados para su ubicación y entrega al gestor designado por AMBILAMP, salvo autorización expresa, previa y por escrito de AMBILAMP.

AMBILAMP puede pedir un inventario de los medios puestos a disposición de la ENTIDAD en uno o varios puntos de entrega. En el momento de terminación por cualquier causa de este Convenio, la ENTIDAD deberá devolver a AMBILAMP o su gestor los contenedores y material facilitado en perfecto estado (salvo deterioro normal por el uso).

3. En relación a la entrega de los residuos de lámparas a AMBILAMP.

- Informar a AMBILAMP de la necesidad de vaciar los contenedores. Para ello, se designará un responsable que deberá informar a AMBILAMP conforme al procedimiento acordado entre las partes.

Dependiendo de la ubicación del centro, AMBILAMP informará del plazo máximo que transcurrirá entre aviso y recogida. Este plazo no podrá exceder de 15 días, salvo circunstancias excepcionales y ajenas a la voluntad de AMBILAMP que serán puestas en su conocimiento. Este plazo de recogida deberá ser tenido en cuenta por la persona designada como responsable en los avisos de recogida, al objeto de evitar rebosamiento del contenedor.

